



VOTOS A FAVOR 4: PSOE, VECIÑOS e BNG

ABSTENCIÓNS 7: PP, AXP e CIPA

**Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto** por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno da Corporación a celebrarse o día 31 de marzo de 2016, a seguinte **MOCIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española, no seu artigo 16.3, establece que *“ningunha confesión terá carácter estatal”*, polo que o Concello de Padrón ten como obxectivo democrático fomentar a liberdade de conciencia e a independencia desta institución do Estado de calquera confesión relixiosa ou ideoloxía particular, por respecto á pluralidade ideolóxica, de conviccións e crenzas do conxunto da cidadanía deste municipio.

O Tribunal Constitucional, en Sentencia do 13 de febreiro de 1981, sinalaba que: *“nun sistema xurídico político baseado no pluralismo, a liberdade ideolóxica e relixiosa dos individuos e a aconfesionalidade do Estado, todas as institucións públicas... serán, en efecto, neutrais.”*

Igualmente, a xurisprudencia europea sobre o tema **insiste na necesidade de neutralidade das institucións democráticas en materia de relixión**. Así, na Sentencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos de Estrasburgo (sección 4a) do 29 de xuño de 2004, recóllese o seguinte: *“Nunha sociedade democrática na que coexisten moitas relixións no seo dunha mesma poboación, pode facerse necesario asociar á liberdade de manifestar a súa relixión ou as súas conviccións, limitacións capaces de conciliar os intereses dos diversos grupos e garantir o respecto das conviccións de cada un.”* O Tribunal lembra que a liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión representa un dos cimentos dunha *«sociedade democrática»*. Esta liberdade figura, na súa dimensión relixiosa, entre os elementos máis esenciais da identidade dos crentes e da súa concepción da vida, **pero é tamén un ben precioso para os ateos, os agnósticos, os escépticos ou os indiferentes**. Trátase do pluralismo conseguido de maneira moi cara ao longo dos séculos que non podería dissociarse de tal sociedade. Esta liberdade implica, principalmente, a de asociarse ou non a unha relixión; e a de practicala ou non.

**Unha institución democrática, como este Concello, debe defender, sen ambigüidades, a laicidade das Administracións Públicas**. O laicismo é consubstancial ao Estado democrático, polo que deben ser rexeitadas todo tipo de inxerencias dogmáticas sobre o Estado de dereito, así

como as imposicións morais propias de calquera relixión ao conxunto da sociedade, que debe rexerse por unha ética civil na que non teña cabida ningún tipo de discriminación.

Un exemplo da necesidade da desvinculación no noso Concello vivímolos esta Semana Santa, en concreto o Xoves Santo, cando a Corporación Municipal asistiu de forma oficial a un acto organizado polas confrarías e a Igrexa no que un dos seus representantes, nunha praza pública ao que asistiron persoas moi plurais, pediu un minuto de silencio por diferentes actos violentos no que se fixo especial énfase nos actos das mulleres que practican o aborto. A maior parte dos presentes, incluída a corporación municipal, respectou o momento, nalgúns casos mesmo non estando de acordo con unhas afirmacións que en Veciños de Padrón consideramos totalmente intolerables e reprobables. O aborto está regulado de conformidade coa *Lei Orgánica 2/2010 de "salud sexual y reproductiva y de la interrupción voluntaria del embarazo"*, polo que non é un acto violento, e as mulleres que o practican non poden de ningunha maneira ser criminalizadas e identificadas como asasinas ou violentas.

Por todo isto, e para contribuír ao desenvolvemento dun Concello laico, moderno, que avanza democraticamente nas liberdades individuais e na garantía dos dereitos civís, proponho ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1.- Que a Corporación Municipal, co Alcalde á cabeza, manifeste de forma pública a súa repulsa ás palabras vertidas polo representante da Igrexa na procesión do Encontro, nas que se criminalizou ás mulleres que, conforme ao dereito, proceden a unha interrupción voluntaria do embarazo.

2.- Que se proceda á regulación da elección dos actos oficiais da Corporación Municipal de Padrón, e que mentres esta non se produza, non se asista de xeito oficial a actos de carácter relixioso, para evitar que se volvan a producir feitos tan desafortunados como os antes descritos.

2.- Que se proceda á regulación dos símbolos relixiosos nos edificios públicos do Concello e retirar, mentres non se proceda, todos os símbolos de carácter relixioso a lo menos do Salón de Plenos do Concello de Padrón.

En Padrón, a 30 de marzo de 2016

Dona Teresa Rey Pazos

**SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN**

